

NON PODEMOS CAER NA AUTOCOMPRACENCIA: AÍNDA HAI DEMASIADAS PERSOAS QUE QUEREN TRABALLAR E NON PODEN FACELO

Desde UGT-Galicia seguiremos traballando para que o emprego non só creza, senón que o faga con estabilidade, con salarios dignos e con oportunidades reais para todas as persoas, sen deixar a ninguén atrás

Redacción.- Os datos do paro rexistrado e de afiliación á Seguridade Social correspondentes ao mes de xuño, publicados esta semana, consolidan unha evolución positiva do emprego. A redución do desemprego en 4.387 persoas e o incremento da afiliación en 7.844 —ata alcanzar un novo récord de 1.102.651 persoas afiliadas— reflicten unha creación de emprego robusta, mesmo nun contexto internacional adverso.

A reforma laboral foi determinante para este cambio de tendencia e os seus efectos nótanse na calidade do emprego: a taxa de temporalidade caeu ao 14,72% (14 puntos menos que antes da reforma). Ademais, o 28,43% dos contratos asinados en xuño foron indefinidos, cando antes apenas representaban o 8,62%.

Pero desde UGT-Galicia advertimos que non podemos caer na autocompracencia. A pesar destes avances, aínda hai máis de 107.000 persoas en situación de desemprego e moitas delas levan moito tempo buscando emprego sen atopalo. O paro de longa duración segue sendo unha realidade inaceptable que require unha resposta contundente de todas as administracións públicas. É imprescindible reforzar o acompañamento a estas persoas e mellorar de maneira urxente as políticas activas de emprego, dotando aos servizos públicos dos recursos humanos e materiais necesarios para garantir unha atención eficaz e unha intermediación real co mercado de traballo.

Así mesmo, persisten outras debilidades estruturais que deben abordarse con urxencia. Aínda que a temporalidade baixou de forma drástica, a parcialidade non o fixo ao mesmo ritmo, e especialmente a parcialidade involuntaria, que afecta ao 44% das persoas ocupadas a tempo parcial. Esta situación xera inseguridade laboral, baixos ingresos e pon en evidencia que non basta con crear emprego: hai que crear emprego de calidade e con dereitos.

Neste sentido, UGT-Galicia defende a

necesidade de avanzar en incrementos salariais sostidos. A elevada inflación dos últimos anos deteriorou o poder de compra das persoas traballadoras. Subir os salarios non só é unha cuestión de xustiza social, senón tamén un elemento clave para impulsar o consumo e revitalizar o mercado interior. O novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva debe contribuír a garantir melloras salariais reais, vinculación coa produtividade e unha repartición máis equitativa dos beneficios empresariais.

Por último, UGT-Galicia esixe ao Goberno que protexa o contrato de traballo e cumpra cos seus compromisos internacionais en materia de despedimento. Fai máis dun ano, o Comité Europeo de Dereitos Sociais deu a razón a UGT ao considerar que a regulación do despedimento en España vulnera a Carta Social Europea. A esta resolución sumouse recentemente outra no mesmo sentido. A pesar diso, o Goberno non levou a cabo ningunha modificación lexislativa, en flagrante incumprimento das súas obrigacións internacionais. Por iso, UGT instou fai máis dun mes a execución formal destas resolucións. Non se pode seguir demorando unha reforma imprescindible para protexer de forma efectiva os dereitos das persoas traballadoras.

Desde UGT-Galicia seguiremos traballando para que o emprego non só creza, senón que o faga con estabilidade, con salarios dignos e con oportunidades reais para todas as persoas, sen deixar a ninguén atrás.



Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos que se fan públicos, en Galicia o desemprego caeu en 4.387 persoas con respecto ao mes anterior (3,93%) e no Estado esta cifra tamén baixou, un 1,99%. No ano tamén se rexistrou unha contracción do desemprego, baixando en 10.684 persoas, un 9,06% menos. Así, o número total de desempregados sitúase en 107.254 persoas, mínimo histórico en Galicia dende 1996.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego seguiu a mesma tendencia que no resto de idades, aínda que máis acusada a diminución, baixou no mes nun 8,17%, e no ano a diminución foi dun 8,13%.

Por sexos, no mes o desemprego baixa en ambos, un 4,55% entre os homes e no caso das mulleres nun 3,50%. No ano baixou o desemprego tamén en ambos casos, o 9,99% entre os homes e o 8,40% entre as mulleres. Dende UGT-Galicia alértase de que, en termos estruturais, as mulleres seguen a representar o 58,97% do total do desemprego en Galicia. O paro afecta a un total de 63.251 mulleres, fronte a 44.003 homes.

En canto aos sectores, o desemprego no mes baixa en todos. Así, baixa na agricultura e gandería, nun 4,35%; na industria,

nun 3,52%; nun 2,53% na construción; en servizos, nun 4,06%; e o 4,17% no colectivo de sen emprego anterior. No ano baixa en todos tamén. Así, diminúe un 13,77% no primario; o 12,19% na industria; o 13,35% na construción; o 8,17% no sector servizos; e o 7,83% entre o colectivo de sen emprego anterior.

Territorialmente, o desemprego tamén baixa en todas as provincias. O 3,60% na Coruña, 3,50% en Lugo, 4,17% en Ourense e un 4,30% en Pontevedra. No ano a baixada foi do 9,56% na Coruña, 6,19% en Lugo, 8,44% en Ourense e o 9,44% en Pontevedra.

O dato de contratación indefinida segue a ser moi bo, do 28,43%. Realizáronse en xuño un total de 72.605 contratos en Galicia. No mes de xuño de 2021, a porcentaxe de contratación indefinida non superaba o 8,62%.

Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción, do 65,7%, e no sector primario, do 55,7%. Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 26,8%, e na industria, do 23,5%.

En canto á taxa de cobertura por desemprego, esta sitúase no 64,52% (74,4%

no Estado), con 65.246 persoas beneficiarias. Deste total, 28.567 perciben subsidios e 1.357 a Renda Activa de Inserción. O número de prestacións contributivas foi de 35.138. Aída así, a cifra de persoas que dependen de prestacións non contributivas segue a ser elevada, o que amosa as dificultades que atravesan moitas persoas desempregadas a pesar de percibir prestacións por ser estas con contías moi baixas.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.102.651 de media mensual, crescendo o 0,72% no mes e aumentando un 1,64% no ano.

UGT GALICIA MOBILIZOUSE NA CORUÑA E VIGO NO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBI POR "MÁIS ORGULLO, MÁIS DEREITOS, MÁIS SINDICATO"

Redacción.- UGT Galicia participou o pasado sábado nas manifestacións que tiveron lugar na Coruña e Vigo para celebrar o Día Internacional do Orgullo LGTBI por "Máis orgullo, máis dereitos, máis sindicato".

Dende UGT lémbrese que o sindicato foi parte activa na conquista de dereitos fundamentais. Traballando incansablemente para que as empresas non sexan espazos de discriminación, senón de liberdade, igualdade e respecto. Por iso, estes últimos anos, grazas á loita colectiva LGBTI do noso sindicato e ao traballo que realizamos no diálogo social, podemos celebrar avances decisivos.

Pero hai que seguir traballando para asegurar que as condicións laborais non dependan de a quen ames ou como te identifies, cal sexa a túa expresión de xénero, as túas características anatómicas ou a familia á que pertenzas. O orgullo non é só unha celebración, é unha ferramenta de loita e un dereito sindical.



ASEMBLEAS INFORMATIVAS O 14 DE XULLO NA PROVINCIA DA CORUÑA NO SECTOR DA HOSTALERÍA

Redacción.- FeSMC-UGT-Coruña chama aos traballadores e traballadoras do sector da hostalería da provincia da Coruña a participar nas asembleas informativas convocadas para o vindeiro día 14 co fin de analizar as últimas propostas da patronal que só pretenden incrementar aínda máis os seus beneficios a costa de condicións laborais precarias para o sector.

Medidas que pretende impoñer a patronal

Concretamente, a patronal pretende eliminar o complemento nas baixas médicas; conxelación salarial; manter os excesos de xornadas sen remunerar as horas extraordinarias; e dificultar aínda máis a conciliación da vida laboral e persoal.

Horarios e lugares das asembleas

11.30-12.30
18.00-19.00

*** A Coruña: edificio sindicatos-salón de actos**

*** Santiago: edificio sindical-salón de actos UGT**

*** Ferrol: edificio sindicatos UGT-CCOO**

FeSMC DENUNCIA FALTA DE RESPECTO DAS PATRONAIS DO TRANSPORTE DE MERCADORIAS POR ESTRADA DA CORUÑA ÁS PROPOSTAS DA PARTE SOCIAL

Redacción.- FeSMC-UGT-Coruña denuncia a total falta de respecto das patronais do transporte de mercadorías por estrada da Coruña, ACOTRADES, TRANSCAF e ASCENTRA, cara a proposta presentada pola representación dos traballadores e traballadoras do sector de cara á negociación do convenio colectivo.

Na última reunión da mesa negociadora a patronal informou de que a súa única pretensión é tratar unha suba mínima do incremento salarial sen atrasos nin revisión e o resto do

convenio non se tocaría. Incluso manifestan que a aplicación do convenio non tería un carácter retroactivo, senón que se realizaría a partir da sinatura.

Hai que subliñar que o anterior convenio rematou o 31 de decembro de 2024. A partir de aquí, en maio arranca o proceso negociador, con catro reunión e sen ningún acordo.

Dende FeSMC-UGT apúntase que a negociación debe ir encamiñada á recuperación do poder adquisitivo e afondar nos dereitos sociais.

De feito, a perda do poder adquisitivo cifrase no últimos anos nun 13% con respecto ao IPC, polo que resulta vital a recuperación do poder de compra para os traballadores e traballadoras do sector.

A patronal tamén se nega a abordar as melloras relativas á xornada, conciliación ou licenzas, nun sector onde a xornada xa é moi elevada.

Por todo isto, de non darse avances na mesa negociadora, abrirase un calendario de mobilizacións.

UGT SERVIZOS PÚBLICOS CONDENA A AGRESIÓN A UN TRABALLADOR DA RECOLLIDA DE LIXO DE FERROL

Pide celeridade á Fiscalía

Redacción.- UGT Servizos Públicos nos fai pública a súa repulsa e condena a agresión sufrida polo traballador da empresa Urbaser no Barrio de Catabois, Concello de Ferrol, na madrugada do pasado sábado mentres desenvolvía o seu traballo de recollida de residuos urbanos.

Apoio aos compañeiros, Comité de empresa a familia

Así mesmo, UGT Servizos Públicos manifesta o apoio á totalidade do persoal da empresa, ao Comité de Empresa así como á familia do traballador agredido.

Esta Organización Sindical pide á Fiscalía que actúe con celeridade aos efectos de que a Xustiza sexa real e efectiva na condena deste tipo de actos.

Agresións nos servizos públicos con demasiada frecuencia

UGT Servizos Públicos denuncia que, por desgraza, cada vez estas agresións suceden de xeito máis común do que debería.

Sirva como exemplo este esaxerado ataque a un traballador dun servizo público, pero tamén se botamos a vista atrás vemos agresións na sanidade pública, ensino, servizos sociais e en ofi-



Mobilización en Ferrol este xoves, convocada polo Comité de Empresa, para apoiar ao traballador de Urbaser agredido e para demandar xustiza

cinas administrativas públicas, que son unha chamada a establecer mecanismos para que o traballo nos servizos públicos sexa un lugar seguro.

Por iso, UGT Servizos Públicos quere facer un chamamento á socie-

dade en xeral aos efectos de que debe entender ao persoal traballador que desenvolve as súas funcións cara o público ou desenvolven xestións que se consideran esenciais para a vida de todos e todas e deben ser tratadas con respecto e dignidade.

A FUNDACIÓN LUIS TILVE PRESENTA NA CORUÑA UN NOVO NÚMERO DA REVISTA “CLARIDADE”

Redacción.- O pasado luns presentouse na Coruña un novo número da revista “Claridade”, xa que a Fundación considerou que era o momento idóneo e necesario para recuperar esta publicación de cara a tratar a preocupante situación actual do sistema democrático, coas redes poñendo en dúbida os beneficios do mesmo, cunha imaxe denigrante da política, co vilipendio duns sindicatos fundamentais para manter a relación entre produtores e traballadores, cun ruído que transformou o debate político en descalificación e insulto sen ideas nin programa. Unha situación que se está trasladando á realidade da cidadanía e que nos obriga a intentar promover o debate, en termos reflexivos, co obxecto de recoller propostas que faciliten a superación da situación actual, defender a democracia fronte á avalancha antisistema e camiñar cara fórmulas máis participativas, incidindo na necesidade de fomentar a formación cívica e constitucional na mocidade.

Avanzar en democracia?

No acto se abordou a temática que, con carácter monográfico enmarca o propio título da revista: “Avanzar en democracia?”, a través do formato de mesa redonda, na que participaron algúns dos articulistas da mesma, moderados por Roxelio Pérez Poza. Así, Fernando González Laxe, expresidente da Xunta e catedrático emérito de economía aplicada da Universidade de A Coruña, cuxo artigo “Quo Vadis Europa?” reflexiona sobre o papel a xogar no novo taboleiro internacional, no que só o 13% da poboación mundial vive en países con certo grado de democracia, e se está abandonando o multilateralismo baseado no acordo e o diálogo en favor do proteccionismo, o nacionalismo ou os réximes autocráticos, o que supón un cortocircuíto na gobernanza global.

As tres potencias (Rusia, China e EEUU) buscan revisar a orde económica e internacional e repartirse unha Europa á que queren débil. Por elo, a UE debe superar a súa baixa produtividade, o seu atraso tecnolóxico, o seu déficit en inversión e innovación, a súa excesiva burocracia e regulamentación, para afrontar problemas como a migración, por outro lado necesaria, ou a desafección das clases medias, recuperando a súa influencia internacional e a competitividade. Do contrario, corremos o risco de acabar sendo unha colonia china ou norteamericana.



Dúas décadas perdidas

O economista Manuel Barbeitos Alcántara considerou que a Unión Europea leva dúas décadas perdidas, nas que as diferencias entre países aumentaron (1 de cada 4 nenos viven no limiar da pobreza), o que está tendo consecuencias políticas e económicas que están levando á cidadanía europea cara opcións de extrema dereita, especialmente entre unha mocidade cunha alta taxa de desemprego. Un fracaso marcado por políticas neoliberais que desprezaron a necesidade de compaxinar mercado con políticas e institucións públicas, o que xerou as desigualdades propias dos sistemas capitalistas, cando non se aplican fórmulas socialdemócratas. Deste xeito, agravouse a crise financeira do 2008, da que só saíron beneficiados os bancos e os mercados financeiros. A estabilidade e o control da inflación deben ir acompañados de crecemento económico e creación de emprego, ó tempo que non se deben atender os distintos problemas de cada país coas mesmas solucións que só benefician a algúns deles.

A UE camiña cara a subordinación dos EEUU, en vez de a unha maior democratización, para o que sería necesario unha Comisión Europea verdadeiramente representativa da cidadanía ou un Banco Central Europeo que realmente o fora, podendo prestar ós países da Unión, evitando que estes teñan que acudir ós mercados financeiros.

Por último, Isabel Lema Blanco, doutora en Ciencias da Educación, ampliou o marco, falando das políticas públicas de comunicación na Unión Europea e España, cuxa regulamentación é ineficaz para fomentar a pluralidade informativa e a democratización mediática, necesaria para ter unha sociedade ben informada que poida debater e tomar decisións en base a un coñecemento veraz. Pese á necesidade duns medios plurais, estes están cada vez máis concentrados nunhas poucas multinacionais da comunicación que marcan a liña editorial en base, non a informar, senón ós intereses dos grupos de poder dos cales dependen, chegando a manipular ostensiblemente as noticias que difunden. De tal xeito que é moi difícil que profesionais ou pequenas empresas da comunicación poidan acceder á propiedade de medios e contrarrestar esta falta de pluralidade democrática.

Políticas públicas de comunicación

No 2025 entrará en vigor un regulamento europeo sobre a liberdade dos medios de comunicación, na procura dunha maior transparencia destes lobbies, pero chega tarde. Necesitaríase sumariar un terceiro sector, ós medios públicos e privados, que favorecera o acceso da cidadanía á produción destes canais, como contrapunto a esta concentración, garantindo o dereito da sociedade a ser informada verazmente.

UGT CELEBRA AS IV XORNADAS CONFEDERAIS LGTBI: ‘MÁIS ORGULLO, MÁIS DEREITOS, MÁIS SINDICATO’

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) celebra os días 2, 3 e 4 de xullo as IV Xornadas Confederais LGTBI. O lema desta edición é “Máis orgullo, máis dereitos, máis sindicato”. Este mércores tivo lugar a apertura do evento, na que interviñeron a secretaria xeral de UGT Madrid, Susana Huertas; a vicesecretaría xeral de UGT, Lola Navarro; o secretario xeral de FeSMC-UGT, Antonio Oviedo; o secretario xeral de FICA-UGT, Mariano Hoya; a secretaria xeral de UGT Servizos Públicos, Isabel Araque, e a vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Traballo e Economía Social, Yolanda Díaz.

Na súa intervención, Navarro explicou que estas xornadas serven para profundar “na defensa das persoas traballadoras LGTBI desde a escoita e o respecto”. Ademais, salientou que “hai que dicirle ao colectivo LGTBI que UGT é un lugar seguro, que somos aliados e aliadas e que estamos aquí”.

Pola súa banda, Oviedo puxo en valor “o firme compromiso de UGT coa igualdade e os dereitos do colectivo LGTBI, que converteron ao sindicato nun referente sindical, político e social neste ámbito”. Hoya reivindicou a loita por “uns centros de traballo xustos, inclusivos e plurais” e Araque clamou “contra a violación dos dereitos do colectivo por parte de Gobernos fascistas e neo-conservadores”.

Mentres, Huertas sinalou que “estas xornadas celébranse con orgullo pero tamén con responsabilidade. Porque falar de dereitos LGTBI non é só celebrar o que se conseguiu, é tamén mirar de fronte ao que aínda nos falta e o que doe, o que queda por cambiar”.

A continuación, o responsable confederal da área de Acción LGTBI de UGT, Toño Abad, falou sobre os desafíos e retos da diversidade LGTBI nos centros de traballo. Abad puxo en valor que “hoxe, o insulto, o rumor e a agresión teñen resposta” por unha cuestión de xustiza. Con todo, lembrou que “vivimos tempos difíciles” nos que abundan os discursos do odio contra o colectivo LGTBI. Fronte a iso: “nin un paso atrás. Non o imos a permitir”, sentenciou.

O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, tomou a palabra para salientar en que estas xornadas “son un acto especial” e sinalou que “a área de Acción LGTBI de UGT gañouse con suor o respecto da organización”. Ademais, lembrou que UGT quere facer a súa achega “nos centros de traballo para a plena liberación das mulleres e os homes LGTBI”.

Os convenios con contido LGTBI aumentaron desde o 9 ao 62% coa nova lexislación

Ademais, o vicesecretario xeral de Política Sindical de UGT, Fernando Luján, presentou o informe sobre a situación dos plans LGTBI na negociación colectiva sectorial e de empresa. Luján incidiu en que os convenios con contido LGTBI aumentaron desde o 8,7% ata o 61,8% desde a entrada en vigor do Real Decreto 1026/2024.

Luján insistiu en que estes datos demostran que “hoxe podemos estar orgullosos” porque estes avances “non nolos poden quitar a ultradereita”. Por último, Luján remarcou que “falta moito por facer, pero xa conseguimos algo moi importante”.

Nesta xornada tamén tiveron lugar outros dous paneis temáticos. A primeira mesa redonda tratou a aplicación do Real Decreto 1026/2024. Unha cuestión de xustiza social, igualdade e Dereitos Humanos.

Posteriormente, o expresidente do Goberno, José Luis Rodríguez Zapatero, analizou os 20 anos de matrimonio igualitario: unha lexislatura para a liberdade, a igualdade e a dignidade, nunha conversación coa



UGT-Galicia participa nas IV Xornadas Confederais LGTBI

xornalista Silvia Intxaurreondo.

O xoves tiveron lugar outras tres mesas de debate. A primeira foi sobre prevención do acoso nos centros de traballo. Unha mirada desde a saúde laboral e os riscos psicosociais; a segunda foi un panel de expertos que realizou unha análise xurídica do Real Decreto 1026/2024. “Unha conquista sindical e unha oportunidade para ser mellor”. Por último, debatiuse sobre “As persoas LGTBI como obxectivo da fachosfera”. Nesta xornada tamén tivo lugar a Asemblea da área de Acción LGTBI de UGT e unha festa do Orgullo de UGT que se celebrou na Escola Julián Besteiro.

Finalmente, o venres estase a analizar o protocolo de acompañamento a persoas trans. Unha necesidade urxente no traballo. Do mesmo xeito, levarase a cabo un estudo de casos sobre experiencias na negociación dos Plans LGTBI nas empresas. A clausura da xornada correrá a cargo da persoa responsable da área LGTBI Confederal, da ministra de Igualdade, Ana Redondo, e do secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez.

UGT LEMBRA QUE AS MULLERES CON DORES MENSTRUAIS INCAPACITANTES PODEN SOLICITAR A BAIXA LABORAL TEMPORAL

Considéranse menstruacións incapacitantes aquelas con síntomas graves como febre, cefaleas fortes, diarreas ou dores pélvicas que impidan o normal desempeño de funcións no traballo

Reducción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) lembra que existen dereitos relativos á saúde menstrual que son esixibles. En concreto, se a túa regra impídeche traballar, co fin de conciliar o dereito á saúde co emprego, desde o pasado 1 de xuño de 2023, as mulleres con dores de regra incapacitantes ou dismenorrea asociada a patoloxías como a endometriosis, os miomas, a enfermidade inflamatoria pélvica, a adenomiosis, os pólipos endometriais, os ovarios poliquísticos ou dificultade na saída do sangue menstrual de calquera tipo, poderán solicitar a baixa laboral temporal de entre tres e cinco días, aínda que a duración a establecerá a profesional ou o profesional sanitario.

A medida, recollida na nova Lei do aborto, recoñece situacións especiais de incapacidade temporal por continxencias comúns como as baixas laborais en caso de menstruación incapacitante, interrupción voluntaria do embarazo ou a partir da semana 39 de xestación.

En concreto, considéranse menstua-

cións incapacitantes aquelas con síntomas graves como febre, cefaleas fortes, diarreas ou dores pélvicas que impidan o normal desempeño de funcións no traballo. A decisión deberá tomala o médico ou a médica de cabeceira, que terá que ter en conta, entre outras cuestións, episodios anteriores de dismenorrea ou se a paciente sofre enfermidades como endometriosis, ovarios poliquísticos, miomas ou pólipos.

Para pedir a baixa por menstruación dolorosa, será necesario acudir ao médico ou médica de cabeceira, quen deberá constatar esta situación, como calquera enfermidade común. As baixas poderán ter carácter anual. Así, as mulleres que, polo xeral, sofren regras dolorosas, non terán que acudir á consulta cada mes.

Estas baixas serán abonadas pola Seguridade Social desde o primeiro día e non é necesario un tempo mínimo de cotización. A lei non especifica a contía da prestación económica e teñen a consideración



de situación especial de incapacidade temporal por continxencias comúns. Isto supón unha cobertura do 60% desde o primeiro día de baixa e ata o día 20. A partir do día 21, a cobertura será do 75%.

UGT lembra que é importante que a saúde sexa afrontada tendo en conta a perspectiva de xénero. Ademais, o sindicato valora que sexan recoñecidas con naturalidade aquelas situacións que a gran maioría de mulleres viviron como vergonzantes pola falta de sensibilidade de quen non se viron afectados nunca polas mesmas.

UGT DEFENDE UN SISTEMA DE PENSIÓNS PÚBLICO XUSTO, SOSTIBLE E SEN RECORTES

Redacción.- A secretaria executiva de UGT, Cristina Estévez, compareceu esta semana ante a Comisión do Pacto de Toledo para expoñer as recomendacións laborais e sociais do sindicato en materia de pensións. Estévez defendeu a continuidade do sistema público de pensións, insistindo en que a súa sustentabilidade non esixe recortes, senón melloras estruturais baseadas en criterios realistas e na revisión progresiva.

Durante a súa intervención, destacou o éxito do diálogo social como instrumento para afrontar os retos do sistema. Lembrou que a supresión do factor de sustentabilidade e a revalorización das pensións conforme ao IPC, aprobadas entre 2021 e 2024, reforzaron a confianza cidadá. Así mesmo, sinalou que a cotización por ingresos reais dos autónomos, a creación do Mecanismo de Equidade Interxeracional e a mellora da compatibilidade entre traballo e pensión, constitúen avances sólidos na modernización do sistema.

Estévez subliñou que as análises alarmistas sobre o déficit do sistema baséanse en proxeccións excesivamente pesimistas e alar-

mistas sobre crecemento económico e emprego. Tamén denunciou que moitas transferencias do Estado foron manipuladas para simular déficit, cando en realidade responden ao funcionamento normal da Seguridade Social.

A brecha de xénero —actualmente próxima ao 32%— foi outro eixo central da súa comparecencia. Estévez esixiu o desenvolvemento e implementación de medidas urxentes para equiparar as pensións, incluíndo o complemento por maternidade e a adecuación ás recentes sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Insistiu tamén en situar as pensións mínimas en, polo menos, o 60 % da renda mediana para combater a desigualdade e a pobreza entre persoas maiores.

En canto ás demandas pendentes, Estévez reclamou:

- A supresión de penalizacións excesivas na xubilación anticipada involuntaria, especialmente para quen cotizou máis de 36 anos.
- A consolidación da separación das fon-

tes de financiamento da Seguridade Social, esixindo o traslado dos aproximadamente 9.000 millóns de euros que aínda restan do Estado ao sistema.

• A creación dunha Axencia da Seguridade Social para optimizar a xestión e a transparencia.

• A modernización do persoal de atención, así como o despregamento de plataformas dixitais para que a cidadanía poida consultar os seus dereitos e cotizacións con facilidade.

• A mellora dos mecanismos de integración administrativa e laboral das persoas inmigrantes legalmente residentes.

Estévez concluíu a súa intervención cunha mensaxe de ambición e responsabilidade: “o sistema público de pensións é sostible, valente e necesario. Non estamos para recortar dereitos, senón para profundar nos avances obtidos mediante o diálogo e a cooperación social. Defendelo é defender a dignidade e a cohesión da nosa sociedade”.